TEMA 6. MINIMIZAR A PUNTUACIÓN, RACIONALIZAR O NÚMERO DE IDEAS E CONTROLAR A LONXITUDE

1 Minimizar a puntuación, racionalizar o número de ideas e controlar a lonxitude



Existe unha relación directa entre o número de ideas que a persoa redactora intenta introducir na frase, a puntuación para creala e a súa lonxitude. Ao reducirmos o número de ideas por frase minimizamos a puntuación e reducimos o tamaño da frase.

Doutro xeito as **frases longas** o que farán é obrigar ás persoas usuarias a establecer relacións complexas entras as ideas da frase. Estas frases serán **difíciles de ler e comprender**.

2 A frase curta mellora a redacción

As frases longas son moi pouco recomendables para unha boa lectura. A claridade non depende só do número de palabras tamén depende das relacións que se establecen entre as palabras e as ideas que expresan. É dicir, que resulta difícil seguir unha frase de moito máis de 30 palabras.
Aínda que non temos que tomar estas orientacións ao pé da letra é importante fixarse no posible exceso de lonxitude. Por exemplo, resulta case imposible manter a claridade nunha frase que exceda das 55 palabras.

Para producir textos lexibles recoméndasenos utilizar frases de 20 ou 30 palabras. Por suposto que non todas as frases teñen que ser de igual extensión. Unha idea pode ser a de **combinar frases máis sinxelas con algunha outra máis extensa**.

3 Efectos adversos das frases longas

A frase longa introduce unha serie de **perigos** na corrección do texto como os que aquí sinalamos, entre outros:

O exceso de comas
Fronte ao problema de separar dalgún xeito as partículas da oración a persoa redactora lanza unha morea de comas sobre o texto.
Concordancia
Unha frase moi longa está condicionada por unha serie de concordancias na súa configuración. O máis probable é que o suxeito e o verbo perdan a proximidade e un acabe figurando en masculino e outro en feminino, por exemplo.
Exceso de subordinación
O exceso de subordinación achega graves problemas de compresión aos nosos textos. Desde logo que a subordinación ten o seu sentido e idoneidade no texto, pero non pode ser utilizada sempre que nos enfrontamos á explicación dalgunha idea complexa.

4 Como reducir a lonxitude das frases

Habitualmente, en todo o que ten relación co feito da escrita debemos apostar polas solucións máis **sinxelas**. Isto fará de certo que os nosos textos sexan máis fáciles de ler para os nosos lectores e lectoras.
Existen diferentes **pautas** que poden axudarnos a traballar a lonxitude das frases para que a súa extensión sexa menor e máis comprensible.

5 Romper a frase en anacos

En case todas as ocasións é posible **dividir** unha frase longa nunha serie de frases máis breves. Para isto podemos utilizar o punto e seguido, os dous puntos, o punto e coma e mesmo o punto e aparte.

Este tipo de operación provocará que necesitemos novas palabras para pulir a división en anacos máis pequenos. De todas as maneiras, aínda que este proceso multiplique o noso traballo será un **bo investimento** para pulir os nosos textos. Despois deste tipo de operacións o que podemos é revisar de novo o texto para eliminar anacos de parágrafos menos relevantes.

6 Desmontar as cláusulas parentéticas

Denominamos **cláusulas parentéticas** aquelas frases **secundarias** que glosan ou explican unha oración principal. Por exemplo:

Cando o presidente Nuñez Feijó chegou onte a México, onde se atopa a sede principal da empresa que entrará no proxecto do sector naval galego o próximo mes de decembro, coa idea de iniciar as conversas e as negociacións no futuro desenvolvemento do sector naval galego, un inesperado incidente fixo que o representante mexicano non puidese recibilo.

Cando o presidente Nuñez Feijó chegou onte a México un inesperado incidente fixo que o representante mexicano non puidese recibilo. Por causa deste incidente atrasaranse as conversas coa empresa mexicana que entrará no sector naval galego neste decembro para iniciar as negociacións.

Este segundo exemplo eliminaría o exceso de explicacións e cláusulas parentéticas presentando a noticia de xeito máis sinxelo.